Estrada de Cedeira Km.1
15570 Narón (A Coruña)
Tflno. 881 93 03 50
Ies.telleiras@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/iesastelleiras

# Programación didáctica

## Departamento de Música

Curso 2019—2020

IES As Telleiras

# Índice:

0. Introdución e contextualización ....3
***1. Música*** ....10
1.1. 2º ESO ....10
1.1.1. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave ....10
1.1.2. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable ....15
1.1.3. Concrecións metodolóxicas ....30
1.1.4. Materiais e recursos didácticos ....32
1.1.5. Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción ....32
1.1.5.1. Procedementos e instrumentos de avaliación ....32
1.1.5.2. Criterios de cualificación ....34
1.1.5.3. Avaliación extraordinaria ....34
1.1.6. Seguimento, recuperación e avaliación da materia pendente ....34
1.1.7. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas ....34
1.1.8. Medidas de atención á diversidade ....35
1.1.9. Elementos transversais ....35
1.1.10. Actividades complementarias e extraescolares ....38
1.2. 3º ESO ....38
1.2.1. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave ....38
1.2.2. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable ....44
1.2.3. Concrecións metodolóxicas ....59
1.2.4. Materiais e recursos didácticos ....60
1.2.5. Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción ....61
1.2.5.1. Procedementos e instrumentos de avaliación ....61
1.2.5.2. Criterios de cualificación ....62
1.2.5.3. Avaliación extraordinaria ....63
1.2.6. Seguimento, recuperación e avaliación da materia pendente ....63
1.2.7. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas ....63
1.2.8. Medidas de atención á diversidade ....63
1.2.9. Elementos transversais ....64
1.2.10. Actividades complementarias e extraescolares ....67
3. Avaliación do proceso de ensino e a práctica docente. Avaliación da programación ....67
4. Información ás familias ....68

# 0. Introdución e contextualización

Cal é a contribución da materia de MÚSICA á formación do alumno?

Como primeiras verbas desta P.D dicir que ansiamos que "algún día" a nosa aula poida ser ampliada xa que con mais de 30 alumnos resúltanos moi difícil realizar actividades de expresión corporal, dramatización, movemento no espazo, así como de instrumentación completa. Levamos moitos anos, xa case 18, detrás deste sono co que cumprir a lei de metros cadrados en espazos educativos e polo tanto mellorar a calidade do ensino do noso alumnado. Pedimos para iso vontade e compromiso co alumnado a todas as partes implicadas.

A música forma parte da nosa vida ó estar presente en moitas das nosas actividades cotiás. As diferentes formas en que a música aparece, a influencia que exerce sobre os individuos ou sobre determinados grupos sociais e a importancia crecente de sectores como a industria musical ou o comercio, propiciaron que se desenvolva un progresivo interese polo su estudio.

A continua difusión de mensaxes musicais na sociedade dos nosos días esixe dos cidadáns unha capacidade crítica que só se adquire mediante unha sólida formación musical non necesariamente profesional (Hai que lembrar que aínda que poderiamos non é o noso cometido desenvolver tarefas de aprendizaxe profesional ligadas ó estudio dun instrumento... pois estas son exclusivas dos conservatorios. É un erro frecuente do alumnado de ESO e Bacharelato pensar que lle imos ensinar a toca-lo piano ou a guitarra. A práctica musical é, en ESO, un medio máis como outros (*) que tamén utilizamos para un fin... e non un fin en si mesmo).

(*) A saber: a redacción, a lectura, as audicións, as exposicións orais, o visionado de DVDs, os karaokes, a lectura musical, o canto e o movemento, interpretación instrumental-frauta e "Orff"-, a asistencia a concertos, a escoita de programas na radio ou na tele, música e consulta en Internet...

A nosa formación tentará contempla-la música desde distintas perspectivas relacionadas entre sí. Tanto aquelas que fan referencia ás múltiples e variadas funcións tradicionais que desempeñaron a música - dende Grecia e Roma ó longo dos períodos musicais, como outras que xurdiron nos nosos días-.

Ademais fomentaremos dende a materia un bo clima na aula, atendendo ás relacións interpersoais e a comunicación entre os alumnos e o profesor. Neste sentido temos programados concertos didácticos noutras cidades á vista do éxito acadado en actuacións de anos anteriores.

En consecuencia, esta materia terá como finalidade principal a análise, a comprensión, o goce e a valoración das manifestacións musicais que se producen nos nosos días (nas salas de concerto, nos auditorios, nas nosas casas, na rúa, na televisión, no cine, na radio... coa música clásica ou doutro tipo). Ollaremos ós núcleos que son máis próximos como a familia, o centro de estudio ou a comunidade na que vivimos ata chegar ás que son propias de países ou culturas moi afastadas da nosa.

O enfoque xeral da música na ESO e Bacharelato non difire en esencia do enfoque propio de etapas

precedentes: a música como percepción, como coñecemento vital no que se asocian as experiencias musicais anteriores coa nova información, a actitude de escoita e de memorización xunto coa predisposición á expresión e á audición...; en definitiva, gozar saíndo despois de cada clase sabendo un pouco máis do feito musical co que día a día interaccionamos.

O que si que marcará unha diferenza coa ESO co Bacharelato (que este curso non se impartirá)será o grao de madurez acadado polos alumnos e tamén o feito de tratarse dunha etapa non obrigatoria. Con respecto ó primeiro punto, e centrándonos, pois, na ESO confiamos en que os alumnos teñan xa adquiridos uns coñecementos básicos ao longo da PRIMARIA para comprende-la música (audición, expresión e linguaxe musical) e así poder, como case adultos que son, contextualiza-las creacións musicais na historia ser quen de relacionala con outras linguaxes e manifestacións artísticas.

NOTA: Na medida do posible, as carencias que poidan xurdir na linguaxe musical serán atendidas polo profesorado no momento en que acontezan pero só sempre cando o interese sexa recíproco por parte do alumno/a en cuestión. Neste senso é imprescindible para a superación destas “lagoas”o traballo en casa do alumno.

En canto ó segundo punto, o feito de ser unha etapa non obrigatoria-no caso de 4º ESO, lonxe de levarnos a “relativiza-los contidos” a esixir, obríganos ó profesorado e por extensión ó alumnado a facer un dobre esforzo ao te-la escollida voluntariamente. Un esforzo por parte do profesorado pese á redución da carga horaria en 2º da ESO en Galicia fronte á do resto do Estado e tamén por parte do alumnado ese esforzo pídeselle por te-la sorte de ter chegado a esta etapa obrigatoria cunha capacidade de percepción (co extraordinario, por exemplo, sentido do oído), unha autonomía e unha intelixencia media para abordar con maior profundidade que na primaria o coñecemento da música. Asemade asistimos con inquedanza á progresiva «cosificación» do alumnado por parte da administración educativa, só así se explica que se sigan a manter cursos con 30 alumnos máis repetidores que si xa é difícil en materias grupais como a miña non podo máis que con modestia e dor dende aquí, denunciar que lastran o futuro do alumnado en materias como Linguas ou matemáticas e os abocan a ser «carne de canón» de Academias e «pasantías» que deixan en entredito a nosa labor docente.

Particularmente sangrante este curso é a NOVIDADE de ter música tamén os nenos de D.C en 3º ESO e tela-que é o grave-co seu grupo de referencia, co agravio comparativo (a sabendas que o alumnado de D.C ten unhas características especiais e requiren unha maior atención por parte do profesor...) para eses alumnos que , polo feito de ter «a mala sorte» de estar co grupo de D.C verán forzosamente RALENTIZADA a súa aprendizaxe fronte a outros grupos. Levo 19 anos impartindo clase e podo demostrar que A RALENTIZACION do grupo de referencia é EVIDENTE cando comparten materia con alumnado de D.C. Este alumnado requiriría unha atención específica e individualizada maior que a que lle podemos ofrecer dentro do grupo de referencia.

Este esforzo materializarase no estudio de aspectos históricos, sociolóxicos e estéticos, da linguaxe, da expresión e da audición, tanto de obras do pasado como do presente, establecendo relacións con outras disciplinas (a arte, por exemplo, ou a física cando falamos dos herzios do son, etc...). Deste xeito, cantos traballos ou reflexións se fagan sobre manifestacións musicais, obras, autores, etc requerirán por parte do alumnado analiza-las súas propias vivencias e plasmalas, confrontalas co aprendido (e memorizado) nas distintas probas de avaliación.

Os alumnos deben aprender a valora-la importancia das creacións musicais e dos estilos máis

relevantes, cun puntual achegamento á música galega e as formas netamente españolas-zarzuela-ata chegar ó afondamento no coñecemento da música nas súas distintas vertentes (artística, científica, técnica, etc) o que enriquecerá ó alumnado en campos específicos afíns ou complementarios ás materias que estea cursando.

A análise de obras dende distintos puntos de vista (histórico, social, sociolóxico) será imprescindible xa que este é un traballo primordial para desenvolve-la sensibilidade do estudante. Por outra parte, o tratamento que se outorgou a esta programación debe estar encamiñado a propicia-lo coñecemento a través do pracer estético.

Esta materia ó longo deste novo curso pretende atende-las necesidades dos alumnos que procedentes doutros colexios ou de cursos anteriores neste mesmo centro, queren ter un contacto máis sistemático coa música, e as daqueles outros que desexan continuar estudios superiores musicais. A especificidade da arte musical fai que sexa minoría, ó contrario que para outras carreiras, os que inician estudios superiores como Educación Musical, Historia e Ciencias da Música (antiga Musicoloxía) sen ter simultaneado o ensino obrigatorio e postobrigatorio cos estudios no conservatorio, por iso é innecesario o afondamento profesional instrumental para eles e sen embargo si é conveniente para a súa completa formación o traballado nestes dous anos nesta materia... a sabendas do déficit pedagóxico e humanístico dun estudios de conservatorio impartidos por un profesorado a maioría das veces pouco formado que non pasou pola universidade e que seguen a xirar case en exclusividade ó redor do instrumento.

Non se pode formar (como se leva facendo décadas en España) a futuros músicos sen ter sido con anterioridade educados como oíntes e intérpretes afeccionados. Non queremos homes e mulleres "máquinas" que saiban tocar instrumentos na orquestra, que aínda que son quen de emocionarse e emocionarnos... adicaron moi pouco ou ningún tempo na súa formación (e por extensión tampouco o farán coma adultos) á reflexionar sobre o papel esencial da música na vida dos pobos ó longo da historia, como medio de comunicación e expresión humana único, analizando criticamente os seus aspectos sociolóxicos e estéticos para en definitiva lograr gozar máis plenamente co oído, o tacto, a vista e a intelixencia da música á que nos achegamos día a día voluntariamente ou non.

## 1. As Competencias Clave: o coñecemento na práctica. Introdución.

Ao longo das seguintes follas aplicamos o novo currículo que regula a relación entre os obxectivos, os contidos, os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe avaliables e as competencias clave nas diferentes materias, neste caso a de MÚSICA.

Tentamos ter sempre presente- de feito temos un cartel posto na aula con esta definición- e para non perder o HORIZONTE do que ensinar... que **«as competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e o seu desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego»**. Deste xeito claro que potenciaremos a aprendizaxe por competencias para propiciar unha renovación na nosa práctica docente e no

proceso de ensino e aprendizaxe...PERO TENDO sempre en mente esa definición de Competencia clave. Por iso,todas as habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións,e outros compoñentes sociais e de comportamento que tentaremos conxugar cada clase de 50 minutos... deben non perder de vista a definición en negriña anterior.

As prácticas sociais serán unha constante no noso quefacer diario -non só en contextos formais senón en non formais ou informais-(festivais, excursións, tempos de lecer, concertos...) pois creemos na TRANSVERSALIDADE, O SEU DINAMISMO e o seu CARÁCTER INTEGRAL: Cada día vanse adquirindo, modificando... en distintos ámbitos...CO SEU AMPLO NIVEL DE USO.

Entendo as competencias como unha ferramenta que lonxe de por obstáculos dános unha MAIOR AUTONOMIA á nosa función docente... sempre e cando sexamos fieis á esencia das mesmas que deben SEMPRE estar **ligadas á acción.** SEN ACCION non hai reacción, soemos dicir, non?

Esa acción circunscríbese aos criterios de avaliación (o que se pretende alcanzar en cada disciplina a través de certos medios) e estes á súa vez cos estándares de aprendizaxe. Só así, desenrólanse as competencias clave.

A nosa materia traballará TODAS as competencias claves. E o novidoso é que tamén as avaliará de xeito numérico, en cada avaliación.

### 1.1.1 **Competencia en comunicación lingüística.**

Estamos orgullosos de pertencer a un centro onde a importancia da lectura non é só «papel mollado» en documentos, senón que se actúa para a mellora da capacidade lectora e comprensiva do noso alumnado. Si sempre estivemos concienciados coa VITAL IMPORTANCIA de saber ler e entender o que se lee, e actuamos colaborando de xeito activo coa «Hora de ler» (colocando carteis anunciadores na aula de música e en todo o centro, creando a biblioteca da aula de música e repartindo a revista de concello en TODAS as aulas do centro con avisos lembrando a importancia de ler...) ESTE ano damos un paso máis.... incluíndo en 3º ESO como libro de TEXTO... unha obra literaria que é unha auténtica xoia: «A historia da música para nenos» da editorial Siruela.

Coma sempre, en TODAS as clases de música SEMPRE hai que a) Buscar palabras no dicionario, b) Facer frases con elas nun contexto musical. 3) Facer resumos. 4) Elaborar Redaccións que o profesor devolve corrixidas. 5) Lectura en VOZ ALTA todos os días, haxa ou non «Hora de ler».

O que xa é máis difícil de acadar é a expresión oral, pero para iso, con máis de 30 alumnos por aula agardo que a Consellería, tras ler esta Programación, non indique algún xeito para interaccionar máis e mellor co noso alumnado.

1.1.2 **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.**

A relación entre a Música e as Matemáticas é algo tan evidente que xa dende Pitágoras (s.V a.C) estúdase de xeito continuado. Cantar, ler unha partitura, o solfexo, o movemento rítmico, a prosodia, a figuración , a organoloxía e o estudo da historia da música ten paradigmas matemáticos na súa análise e, sobre todo, práctica. Xa vivencian dende o minuto 1 na materia de música as matemáticas e a ciencia ligada aos fenómenos sonoros e físico-armónicos: agora se trata de que se decaten cándo e de qué forma.

No tocante á tecnoloxía : o mundo do son e a gravación dixital, ademais do, lóxico, uso da rede.

Nota: Este Departamento didáctico considera que en realidade son 2 competencias e non unha como figura no decreto, polo que avaliámolas por separado.

1.1.3 **Competencia dixital.**

Si ben etimoloxicamente poderiamos facer referencia ao uso dixital que fai o noso alumnado tanto coa frauta, as partes do corpo no movemento rítmico e o instrumental ORFF (especialmente en 2º ESO onde o carillón é un instrumento , neste instituto, de adquisición obrigatoria) a gravación sonora e o mundo MIDI, xunto coa utilización de Internet, protagonizan o uso de material TIC na nosa aula.

1.1.4 **Aprender a aprender.**

Temos , como xa dixemos, moi presente a definición de COMPETENCIAS CLAVES. Imos lembrala: « **aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e o seu desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego».** Dende o Departamento de Música creemos firmemente que a nosa materia «fala» de algo PRIMORIDIAL que se enorgullece cada día en tentar ter moi presente nas raíces do que facemos cada día: TER CONTRIBUIDO Á CREACION DUN OCIO DE CALIDADE. Estamos falando de algo tan FUNDAMENTAL como o desenvolvemento persoal ao través das materias artísticas como suxeitos activos ou como pasivos-ouvintes. A ledicia de ler é comparable coa ledicia de cantar, de compoñer, de escoitar dun xeito consciente, de ser quen de seleccionar música seguindo criterios de cualidade, de desfrutar tocando

instrumentos... FERRAMENTAS, en suma, para que, cando sexan adultos o noso alumnado teñan resortes para encher o seu ocio e as súas necesidades de expresión -tan vitais como o mesmo comer- cara os demais. Un longo camiño que teñen que facer sós...pero que dende a ESO suxerímoslles pautas para descubriren, por se mesmos, o seu propio «oco» e modo de sentir no mundo

1.1.5 **Competencias sociais e cívicas.**

O respecto é esencial nesta sociedade. Falo de respecto , que non é o mesmo que a tolerancia. O respecto á máis amplo: só se respecta o que se coñece, o que se valora. No noso micromundo chamado Aula de Música impera o respecto. Respecto cando se escoita con atención ao que din os compañeiros, cando non se consinte XAMAIS nin o máis mínimo menosprezo , risas ou desaprobación ao feito, dito, escrito... por outro alumno. Neste momento, de habelo, PARALIZASE a clase. NADA, absolutamente nada hai máis importante nesta materia, que crear un bo clima de traballo, convivencia e respecto. Un respecto que se traballa esixindo e dando PUNTUALIDADE á hora de chegar á aula, silencio nos corredores á hora de trasladarse para non molestar aos demais e cumprindo as obrigas que como «Mini-sociedade» que somos na AULA DE MUSICA démonos todos nas nosas «normas de clase e de actuación do profesor e o alumnado». Un compromiso recíproco, lóxicamente. E que segue a máxima de que EN CLASE «hai que dar clase», e non se pode desperdiciar nin un só minuto que non sexa FORMATIVO.

O alumnado disruptivo non é o que máis preocupa a este Departamento sempre e cando o seu trato , respecto, cara os seus compañeiros e o profesor sexa IMPECABLE. Certo grado de «disrupción» é inevitable froito da idade, dos problemas de toda índole que arrastran moitos deles...e é tamén OBRIGA do resto do grupo loitar para que muden actitudes perxudiciais para eles mesmos e o grupo. Neste «barco» salvámonos TODOS ou afundímonos todos. Por iso , traballaremos SEMPRE a conciencia de pertenza ao grupo. Nos traballos, nas probas prácticas, nos exames... tamén se traballan, e, como veremos, puntúase esta competencia.

1.1.6 **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.**

Esta competencia só ten sentido, dende o noso Departamento Didáctico, dende a firme convicción do poder do REFORZO POSITIVO e a MOTIVACION. Na sociedade española, ao contrario da sociedade americana ou a inglesa, apenas existe o reforzo positivo no sistema escolar. Hai miles de exemplos neses sistemas educativos nos que os rapaces teñen premios diarios, mensuais... alumnos do mes, fotos de alumnos e os seus proxectos, entrevistas, actos de gradación, diplomas...

que son o colofón dunhas clases nas que CONTINUAMENTE se motiva con frases ao alumnado. O «non é así», «así non»... case está desterrado e de aparecer é reforado enseguida... cunha aprobación verbal cando houbo unha melloría ou algo está ben feito, porque SEMPRE HAI ALGO BEN FEITO ata no traballo ou resolución de exercicio máis mediocre que teñamos.

Desterramos da Aula de Música a LINGUAXE negativa- e obvio dicir que tamén a despectiva, ofensiva e malsoante- e promovemos actitudes de recoñecemento do feito polos demais mesmo con aplausos.

Con estas bases, a iniciativa e o espírito emprendedor ten moitas máis posibilidades de aparecer: a imaxinación e as ideas só xorden en contextos que non coarten as posibilidades de actuación. A exemplificación con referentes de persoeiros referentes neste espírito emprendedor...seranos de gran axuda.

1.1.7 **Conciencia e expresións culturais.**

Unha competencia «clave» no sentido máis literal...para a nosa materia. A música e os fenómenos culturais, estéticos, expresivos, comunicativos en torno a ela...son exemplos vivos de CULTURA con maiúscula. Os nenos, de acordo co seu desenrolo madurativo, teñen que non só coñecelos, senón CONCIENCIARSE da importancia de recoñecelos, fomentalos e preservalos.

NOTA:

*A adquisición ou non por parte dun /dunha alumno/a das competencias clave é algo moi relevante que temos que sinalar ao final de curso, sen embargo este Departamento fai un enorme esforzo e AVALÍA cada competencia en cada AVALIACION ao través de probas, traballos, actividades, exames... EXPLICITADOS con claridade e sinalando con anticipación as datas de celebración ou entrega. Cada curso van variando as propostas plantexadas, pero TODAS teñen como fin a consecución desas competencias e ,o que é máis importante, ser quen de xustificar de xeito razoado o porqué de telas acadadas ou non, da maneira máis obxectiva posible.*

As actividades de aprendizaxe serán integradas permitindo así ao alumnado avanzar cara os resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

# 1. Música

## 1.1. 2º ESO

### 1.1.1. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

**1. Competencia en comunicación lingüística. (CCL)**

**Estándares de aprendizaxe.**

MUB1.1.1. Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada.

MUB2.4.1. Describe os elementos das obras musicais propostas.

MUB2.4.3. Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita, con rigor e claridade.

MUB3.4.1. Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais.

MUB3.4.2. Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade.

**Estratexias para valorala:**

-Lectura en voz alta.

-Audicións guiadas.

-Busca de palabras no dicionario e posterior realización de frases.

-Práctica musical só ou en grupo.

-Traballos e probas escritas.

-Observación en clase.

-Corrección da libreta.

-Corrección exercicios.

-Proba de redacción dando con antelación o tema e podéndoo preparar na casa.

**2. Competencia matemática e competencia básica en ciencia e tecnoloxía. (CMCCT)**

**Estándares de aprendizaxe.**

(Unicamente se recollen estes 2 estándares dende a Consellería, sen dúbidas insuficientes ao noso entender).

MUB1.1.2. Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou audición de pequenas obras ou fragmentos musicais.

MUB1.1.3. Identifica e transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos con formulacións sinxelas en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias.

**Estratexias para valorala:**

-Ampliación de datos ao través da búsqueda en internet: redacción, comentario persoal.

-Ditados.

-Audicións con ou sen musicogramas.

-Recitados rítmicos con ou sen percusión corporal.

-Práctica instrumental e vocal.

**3. Competencia dixital (CD)**

**Estándares de aprendizaxe.**

MUB2.5.2. Elabora traballos de indagación sobre a contaminación acústica e outros temas dos efectos da música.

MUB3.5.1. Utiliza diversas fontes de información de xeito guiado para indagar sobre novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc e realiza unha revisión crítica desas producións.

MUB4.1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízaas como ferramentas para a actividade musical.

MUB4.2.1. Utiliza de xeito guiado as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical.

**Estratexias para valorala:**

-Búsqueda de información ou significado de palabras en internet.

-Observación propostas TIC feitas polo profesor no seu ordenador.

-Traballos escritos sobre programas de televisión na rede.

-Traballos de indagación moi básicos. Na libreta.

-Gravación sinxela: móbil, audacity.

**4. Aprender a aprender. (CAA)**

**Estándares de aprendizaxe.**

MUB1.3.1 Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns practicando e recoñecendo con SOLTURA e RAPIDEZ as notas musicais en clave de sol.

MUB1.3.2. Utiliza os elementos e os recursos adquiridos para elaborar arranxos e crear cancións e pezas instrumentais.

MUB1.4.1. Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.

MUB1.4.5. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os resultados na exposición ante os seus compañeiros.

MUB1.5.1. Realiza sinxelas improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas.

MUB3.5.2. Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.

**Estratexias para valorala:**

Práctica musical na casa.

Práctica musical na clase.

Composición na casa.

Realización de tarefas varias.

Práctica improvisatoria co corpo e instrumentos ORFF.

Exame específico de NOTAS MUSICAIS en Clave de SOL.

**5. Competencias sociais e cívicas (CSC)**

**Estándares de aprendizaxe.**

MUB1.6.3. Amosa apertura e respecto cara ás propostas do profesor e dos compañeiros e as compañeiras.

MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao director/a e outros intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.

MUB2.3.1. Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.

MUB2.5.1. Toma conciencia da contribución da música á calidade da experiencia humana, amosando unha actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música.

**Estratexias para valorala:**

Observación e corrección inmediata de actitudes erróneas no trato caro o profesor e os seus compañeiros.

Observación e corrección en actividades de práctica vocal ou instrumental.

Traballos escritos.

Diálogos en clase respectando a quenda de palabra e utilizando unha linguaxe cortés.

**6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. (CSIEE)**

**Estándares de aprendizaxe.**

MUB1.5.2. Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades, e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras.

MUB1.6.5. Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais-individuais e en grupo-, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa.

MUB3.3.4 Contribúe á recuperación e transmisión do patrimonio musical galego.

**Estratexias para valorala:**

Canto de cancións galegas: actitude de respecto e valoración.

Observación de actitudes e corrección si fose necesario.

Interpretación instrumental só a frauta e carillón ou en grupo.

**7. Conciencia e expresións culturais. (CCEC).**

**Estándares de aprendizaxe.**

MUB1.1.1. Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada.

MUB1.1.2. Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou audición de pequenas obras ou fragmentos musicais.

MUB1.1.3. Identifica e transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos con formulacións sinxelas en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias.

MUB1.2.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e -de xeito só teórico- a de Fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan á intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc).

MUB1.3.1 Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.

MUB1.3.2. Utiliza os elementos e os recursos adquiridos para elaborar arranxos e crear cancións e pezas instrumentais.

MUB1.4.1. Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.

MUB1.4.2. Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz.

MUB1.4.3. Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.

MUB1.4.4. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel.

MUB1.4.5. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os resultados na exposición ante os seus compañeiros.

MUB1.5.1. Realiza sinxelas improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas.

MUB1.6.1 Practica, interpreta e memoriza pezas vocais e instrumentais de diferentes xéneros, estilos e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel.

MUB1.6.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais e instrumentais do patrimonio español e galego.

MUB2.1.1. Diferenza as sonoridades dos instrumentos da orquestra, así como a súa forma e os diferentes tipos de voces.

MUB 2.1.2. Diferenza as sonoridades dos instrumentos máis característicos da música popular moderna, do folclore e doutras agrupacións musicais.

MUB2.2.1. Sigue partituras como apoio á audición.

MUB2.4.1. Describe os elementos das obras musicais propostas.

MUB2.4.2. Utiliza de xeito guiado recursos como apoio á análise musical.

MUB3.1.2. Distingue as diversas funcións que cumpre a música na nosa sociedade.

MUB3.2.1. Amosa interese por coñecer os xéneros musicais e as súas funcións expresivas, gozando deles como oínte con capacidade selectiva.

MUB3.3.1. Valora e respecta a importancia do patrimonio musical e galego.

MUB3.3.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.

MUB3.3.3. Coñece e describe algúns dos instrumentos tradicionais españois e galegos.

MUB3.3.4. Contribúe á conservación, á recuperación e á transmisión do patrimonio musical galego, colaborando na recollida e na gravación de pezas.

**Estratexias para valorala:**

-Lectura en voz alta.

-Audicións guiadas.

-Búsqueda de palabras no dicionario e posterior realización de frases.

-Práctica instrumental só ou en grupo.

-Traballos e probas escritas.

-Observación en clase.

-Corrección da libreta.

-Corrección exercicios.

-Ditados.

-Escoita con atención e respecto.

-Audicións con ou sen musicogramas.

-Recitados rítmicos con ou sen percusión corporal.

-Práctica  vocal só ou en grupo.

-Traballos de indagación moi básicos. Na libreta.

Práctica musical na casa.

Composición na casa.

Realización de tarefas varias.

## 1.1.2. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable

| Tempor. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe avaliables | Grao mínimo de consecución | Procedementos e instrumentos |
|---|---|---|---|---|---|
| 1ª | **Bloque 1.** | | | | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | ▪ B1.1. Parámetros do son. Elementos básicos da linguaxe musical<br>▪ B1.2. Características da voz e da palabra como medios de expresión musical. Habilidades técnicas e interpretativas, exploración e descuberta das posibilidades da voz como medio de expresión musical.<br>▪ B1.3. Instrumentos e corpo como medios de expresión musical: características xenéricas e formais.<br>▪ B1.4. Agrupacións vocais e instrumentais na música de diferentes xéneros, estilos e culturas. Interpretación individual e en grupo.<br>▪ B1.5. Práctica da relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.<br>▪ B1.6. Fomento da sensibilidade estética, desenvolvida a través da comprensión e a interiorización da música.<br>▪ B1.7. Grafías e outras formas de notación musical, convencionais e propias, empregadas como expresión musical. | ▪ B1.1. Recoñecer os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada e aplicándoos a través da lectura ou a audición e a interpretación de pequenas obras ou fragmentos musicais.<br>▪ B1.2. Distinguir e utilizar os elementos da representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).<br>▪ B1.3. Improvisar e interpretar estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.<br>▪ B1.5. Amosar interese polas actividades de composición e improvisación, e respecto polas creacións dos seus compañeiros e das súas compañeiras. | ▪ MUB1.1.1. Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada.<br>▪ MUB1.1.2. Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais.<br>▪ MUB1.1.3. Identifica e transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos con formulacións sinxelas en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias.<br>▪ MUB1.2.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).<br>▪ MUB1.3.1. Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns. | -Sabe nomear e explicar alomenos a metade dos parámetros do son.<br>-Esfórzase nas actividades de canto ainda que non obteña o resultado óptimo mínimo.(Reg)<br>-Diferencia o que é oir e escoitar.<br>-Sabe recoñecer e nomear as partes do oído, ainda que non é quen de coñece-lo funcionamento exacto.<br>-Recoñece visualmente e sabe nomear á metade dos cantantes vistos na clase.<br>- Sabe clasificar e nomear as voces humanas, ainda que teña erros na colocación da tesitura no pentagrama.<br>-Sabe explicar o concepto de divo/a.<br>-Sabe os pasos para a aprendizaxe dunha canción,ainda que cometa algún pequeno erro.<br>-Obtén alomenos unha nota "Regular" na execución melódica e o recitado rítmico. | -Lecturas en torno ao son como arte.<br>-Lecturas libro de texto.<br>-Práctica instrumental individual e grupal (seguida de probas individuais avaliando esa práctica).<br>-Exemplos visuais e sonoros da orixe do son.<br>-Exercicios de pequena percusión corporal.<br>-Visionado de vídeos de actuacións breves.<br>-Musicogramas.<br>-Instrumental ORFF: manexo e "trucos".<br>-Frauta: manexo e expresividade. |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | B1.8. Exploración das posibilidades de diversas fontes sonoras e práctica de habilidades técnicas para a interpretación.<br><br>B1.10. Práctica das pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e aos/ás demais intérpretes, audición interior<br><br>B1.11. Aceptación e cumprimento das normas que rexen a interpretación en grupo e a achega das ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común<br>▪ B1.12. Aceptación e predisposición para mellorar as capacidades técnicas e interpretativas propias, e respecto ante outras formas de expresión.<br>▪ B1.13. Improvisación, elaboración de arranxos e composición.<br>B1.14. Composición individual ou en grupo de cancións e pezas instrumentais para distintas agrupacións, a partir da combinación de elementos e recursos presentados no contexto das actividades que se realizan na aula. | B1.4. Amosar interese polo desenvolvemento das capacidades e as habilidades técnicas como medio para as actividades de interpretación, aceptando e cumprindo as normas que rexen a interpretación en grupo e achegando ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.<br><br>B1.6. Participar activamente e con iniciativa persoal nas actividades de interpretación, asumindo diferentes papeis, intentando concertar a súa acción coa do resto do conxunto, achegando ideas musicais e contribuíndo ao perfeccionamento da tarefa en común. | MUB1.4.1. Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.<br>▪ MUB1.4.2. Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz.<br>▪ MUB1.4.3. Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.<br>▪ MUB1.4.4. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación.<br>▪ MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.<br>▪ MUB1.6.1. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel. | Colabora co grupo nas actividades de interpretación instrumental e/ou canto e responde axeitadamene ante as correccións ou avisos de actitude. (Como mínimo non ten aberta ningunha incidencia por escrito neste eido).<br><br>-Practica e presenta ao grupo as súas propias creacións musicais, seguindo a partitura creada por el/ela. (Como mínimo demostrar que, pese aos erros, a interpretación é froito do traballo e non da improvisación).<br><br>-Non ten erros graves de Caligrafía musical.<br><br>-Participa activamente en actividades imporvisatorias, vocais e/ou instrumentais.<br>-É quen de inventar unha grafía propia non convencional. (Exercicio como mínimo "con sentido", ser quen de explica-lo e executalo).<br>-Obtén alomenos un "regular" nas probas de Linguaxe Musical (I). | -Rondó de números.<br>-Traballo de pezas rítmico-vocais.<br>-Exercicios de preparación vocal (previos ao canto).<br>-Grafías de onomatopeyas.<br>-Banco de sons.<br>-Debuxo do órgano da audición.<br>-Xestos manuais CURWEN.<br>-Interpretación de grafías non convencionais.<br>-Probas de Linguaxe Musical (I).<br>-Caligrafía musical. |

| | **Bloque 2.** | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | ▪ B2.1. Utilización dos recursos necesarios para a comprensión da música escoitada.<br>▪ B2.2. Identificación dos elementos da música e das súas características na audición e na análise de obras musicais.<br>▪ B2.3. Clasificación e discriminación auditiva dos tipos de voces e instrumentos, e das agrupacións vocais e instrumentais.<br>▪ B2.4. Elementos que interveñen na construción dunha obra musical: melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura, forma, tempo, dinámica, etc.<br>▪ B2.6. Audición, análise elemental e apreciación crítica de obras vocais e instrumentais de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais, incluíndo as interpretacións e composicións realizadas na aula. Investigación de músicas de distintas características para ampliar as propias preferencias musicais. | ▪ B2.1. Identificar e describir os instrumentos e as voces, e as súas agrupacións.<br>▪ B2.2. Seguir distintos tipos de partituras no contexto das actividades musicais da aula como apoio ás tarefas de audición.<br>▪ B2.3. Valorar o silencio como condición previa para participar nas audicións.<br>▪ B2.4. Identificar e describir, mediante o uso de distintas linguaxes (gráfica, corporal ou verbal), elementos e formas de organización e estruturación musical (ritmo, melodía, textura, timbre, repetición, imitación, variación) dunha obra musical interpretada en vivo ou gravada.<br>▪ B2.5. Identificar situacións do ámbito cotián nas que se produce un uso indiscriminado do son, analizar as súas causas e propor solucións. | * MUB2.1.1. Diferencia as sonoridades dos instrumentos da orquestra, así como a súa forma e os diferentes tipos de voces.<br>* MUB2.1.2. Diferencia as sonoridades dos instrumentos máis característicos da música popular moderna, do folclore e doutras agrupacións musicais.<br>* MUB2.2.1. Sigue partituras como apoio á audición.<br>* MUB2.3.1. Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.<br>* MUB2.4.1. Describe os elementos das obras musicais propostas.<br>* MUB2.4.2. Utiliza de xeito guiado recursos como apoio á análise musical.<br>* MUB2.4.3. Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita, con rigor e claridade.<br>* MUB2.5.1. Toma conciencia da contribución da música á calidade da experiencia humana, amosando unha actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música.<br>* MUB2.5.2. Elabora traballos de indagación sobre a contaminación acústica. | -Recoñece alomenos a metade dos elementos que interveñen na construción dunha obra musical.<br>-Non ten erros graves de Caligrafía musical.<br>-Obtén alomenos un Regular na revisión da libreta no tocante á hora de dar opinións musicais de forma oral e escrita, con rigor e claridade.<br>-Ten feitos, mellor ou peor, pero feitos TODOS os exercicios de clase. | -Audicións guiadas na clase.<br>-Lectura do libro de texto.<br>-A partitura musical:Pautas de lectura.<br>-Respuesta actividades en libreta.<br>-Caligrafía musical.<br>-Visionado de DVD´s.<br>-Exercicios na libreta.<br>-Identificación de timbre sin ayuda del sentido de la vista.<br>-Consulta en internet (Leis en torno á Contaminación acústica).<br>-Pequena enquisa: O ruido nas nosas vidas. (Ferrolterra). |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | **Bloque 3.** | | | | |
| | B3.3. Pluralidade de estilos na música actual: características culturais, artísticas e formais.<br>B3.4. Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas.<br>B3.5. Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre instrumentos, compositores/as, concertos e producións musicais en vivo e gravadas, tanto do patrimonio galego como da música occidental en xeral e doutras culturas.<br>B3.6. Recollida de información, valoración e exposición do feito musical e as súas opinións. | * B3.4. Valorar a asimilación e o emprego dalgúns conceptos musicais básicos necesarios á hora de emitir xuízos de valor ou "falar de música". | * MUB3.3.1. Valora e respecta a importancia do patrimonio musical español e galego<br>* MUB3.3.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais e instrumentais do patrimonio español e galego.<br>* MUB3.3.3. Coñece e describe os instrumentos tradicionais españois e galegos.<br>* MUB3.4.1. Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais<br>* MUB3.4.2. Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade. | -Recoñece o nome e o tipo de voces de grandes cantantes galegos/as do clásico, pop e tradicional. | Na medida do posible a cada exemplo sobre voces, músicos, agrupacións instrumentais, instrumentos... faremos mención á realidade galega, "con nomes e apelidos". |
| | **Bloque 4.** | | | | |
| | * B4.1. Utilización de dispositivos electrónicos, recursos da internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo, a escoita, a interpretación e a creación musical.<br>* B4.2. Aplicación de técnicas de gravación analóxica e dixital, para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais.<br>* B4.3. Utilización das tecnoloxías da información nos procesos de creación musical.<br>* B4.4. Coñecemento e emprego das tecnoloxías da información na interpretación e gravación de pezas musicais. | ▪ B4.1. Utilizar recursos tecnolóxicos dispoñibles para gravar e reproducir música.<br>▪ B4.2. Utilizar de xeito funcional os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe e a indagación do feito musical. | ▪ MUB4.1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízaas como ferramentas para a actividade musical.<br>▪ MUB4.2.1. Utiliza de xeito guiado as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical. | -Entrega o traballo e comentario sobre un tema plantexado de doado acceso en Internet, obtendo un mínimo de Regular.<br>-Sabe grabarse a si mesmo na procura dunha automellora na interpretación vocal e/ou instrumental mediante a utilización de dispositivos electrónicos ou software.<br>-Fai reflexións persoais razoadas sobre o uso das novas tecnoloxías para o goce coma ouvinte ou executante.<br>-É consciente dos perigos para a saúde dun uso non racional das novas tecnoloxías.<br>-Coñece e recoñece que na Aula de música xamais hai ningùn CD ou DVD ou descarga ilegal.<br>-Sabe o que é a SGAE e os dereitos de | -Consulta en internet .<br>-Exemplos na rede presentados polo profesor.<br>-Teclado MIDI: posibilidades na aula.<br>-Exemplos de técnicas de gravación.<br>-Explicación das posibilidades de audio, subtítulos e gravación nas novas smart tvs.<br>-Ditado musical: Gravación MIDI.<br>-Documental: estudio de gravación de voces.<br>-Debate grupal: O móbil e as horas de sono, a desconexión coa realidade. (Pros e contras).<br>-Debate grupal: o dano na creación musical futura froito da |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | * . Repaso dos elementos da representación gráfica da música.<br>* B1.2. Textura.<br>* B1.3. Procedementos compositivos e formas de organización musical.<br><br>* B1.5. Práctica da relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.<br>* B1.6. Aceptación e cumprimento das normas que rexen a interpretación en grupo e a achega das ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.<br>* B1.7. Aceptación e predisposición para mellorar as capacidades técnicas e interpretativas propias, e respecto ante outras formas de expresión.<br>* B1.8. Sonorización de representacións dramáticas, actividades de expresión corporal, e danza e imaxes fixas e en movemento na realización de producións audiovisuais.<br>* B1.9. Fomento da sensibilidade estética desenvolvida a través da comprensión e interiorización da música. | * B1.1. Distinguir e utilizar os elementos da representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; notas adicionais, clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).<br>* B1.2. Analizar e comprender o concepto de textura e recoñecer, a través da audición e a lectura de partituras, os tipos de textura.<br>* B1.3. Coñecer os principios básicos dos procedementos compositivos e as formas de organización musical.<br>* B1.4. Amosar interese polo desenvolvemento das capacidades e as habilidades técnicas como medio para as actividades de interpretación, aceptando e cumprindo as normas que rexen a interpretación en grupo, e achegando ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.<br>* B1.5. Amosar interese polas actividades de composición, e improvisación e amosar respecto polas creacións dos seus compañeiros e das súas compañeiras.<br>* B1.6. Participar activamente e con iniciativa persoal nas actividades de interpretación, asumindo diferentes papeis, intentando concertar a súa acción coa do resto do conxunto, achegando ideas musicais e contribuíndo ao perfeccionamento da tarefa en común.<br>* B1.7. Explorar as posibilidades de distintas fontes e obxectos sonoros. | • MUB1.1.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; notas adicionais, clave de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).<br>• MUB1.2.1. Recoñece, comprende e analiza tipos de textura.<br>• MUB1.3.1. Comprende e identifica os conceptos e os termos básicos relacionados cos procedementos compositivos e os tipos formais.<br>MUB1.4.1. Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.<br>• MUB1.4.2. Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz.<br>* • MUB1.4.3. Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.<br>• MUB1.4.4. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel.<br>* MUB1.5.1. Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas. | Colabora co grupo nas actividades de interpretación instrumental e/ou canto e responde axeitadamene ante as correccións ou avisos de actitude. (Como mínimo non ten aberta ningunha incidencia por escrito neste eido).<br><br>-Practica e presenta ao grupo as súas propias creacións musicais, seguindo a partitura creada por el/ela. (Como mínimo demostrar que, pese aos erros, a interpretación é froito do traballo e non da improvisación) | Melodías seguindo os 3 pasos para a aprendizaxe dunha canción.<br><br>-Continuamos traballando, coma sempre, a Linguaxe Musical.<br><br>-Canto melodías seguindo a técnica vocal básica.<br><br>-Composición individual e interpretación desas melodías. |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | • B1.10. Composición individual ou en grupo de cancións e pezas instrumentais para distintas agrupacións a partir da combinación de elementos e recursos presentados no contexto das actividades que se realizan na aula<br>* B1.11. Práctica, creación, memorización e interpretación de pezas musicais en grupo, aprendidas a través da lectura de partituras con diversas formas de notación.<br>* B1.12. Práctica das pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto.<br>* B1.13. Exploración das posibilidades de diversas fontes sonoras e práctica de habilidades técnicas para a interpretación. | | * MUB1.5.2. Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras.<br>* MUB1.6.1. Practica, crea, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos, épocas históricas e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel.<br>* MUB1.6.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais e instrumentais do patrimonio español e galego.<br>* MUB1.6.3. Amosa apertura e respecto cara ás propostas do profesor/a e dos compañeiros/as.<br>* MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo. • MUB1.6.5. Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais.<br>* MUB1.7.1. Amosa interese polas paisaxes sonoras que nos rodean e reflexiona sobre elas. | Amosa de xeito INDISCUTIBLE que practicou o suficiente- as probas INSTRUMENTAIS - playback, frauta e/ou ORFF- do cal se deduce, cando menos, un resultado ACEPTABLE.<br><br>Amosou interese polas actividades PRACTICAS plantexadas tanto individuais coma en grupo. (mínimo Regular)<br>Participa, na mesma medida que os seus/as súas compañeiros/as nas actividades de CANTO.<br>Esforzase , de xeito INDISCUTIBLE, en ENTOAR, aínda que non obteña o resultado axeitado. | Exemplos musicais: repaso e actualización de conceptos.<br><br>Lectura fotocopias.<br><br>Posta en común : Profesor-alumnado. |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | **Bloque 2.** | | | | |
| | * B2.1. Clasificación e discriminación auditiva dos tipos de voces e instrumentos e das agrupacións vocais e instrumentais.<br>* B2.2. Utilización dos recursos necesarios para a comprensión da música escoitada.<br>* B2.3. Identificación dos elementos da música e das súas características na audición e na análise de obras musicais.<br>* B2.4. Aplicación de estratexias de atención, audición interior, memoria comprensiva e anticipación durante a interpretación e a creación musical.<br>B2.5. Audición, análise elemental e apreciación crítica de obras vocais e instrumentais de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais, incluíndo as interpretacións e as composicións realizadas na aula. Interese por coñecer músicas de distintas características e por ampliar as propias preferencias.<br>* B2.6. Música en vivo: concertos e outras manifestacións musicais, da propia cultura musical e de outras. Interese por desenvolver hábitos positivos e de respecto ás demais persoas durante a escoita.<br>* B2.7. Elementos que interveñen na construción dunha obra musical: melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura, forma, tempo, dinámica, etc.<br>* B2.8. Valoración da audición como forma de comunicación e como fonte de coñecemento e enriquecemento intercultural. | * B2.1. Identificar e describir os instrumentos e voces e as súas agrupacións.<br>* B2.2. Ler e analizar distintos tipos de partituras no contexto das actividades musicais da aula como apoio ás tarefas de audición.<br>* B2.3. Valorar o silencio como condición previa para participar nas audicións.<br>* B2.4. Recoñecer auditivamente e determinar a época ou a cultura á que pertencen distintas obras musicais, interesándose por ampliar as súas preferencias.<br>* B2.5. Identificar e describir, mediante o uso de distintas linguaxes (gráfica, corporal ou verbal), algúns elementos e formas de organización e estruturación musical (ritmo, melodía, textura, timbre, repetición, imitación e variación) dunha obra musical interpretada en vivo ou gravada. | * MUB2.1.3. Explora e descubre as posibilidades da voz e os instrumentos, e a súa evolución ao longo da historia da música.<br>* MUB2.2.1. Le e analiza partituras como apoio á audición.<br>* MUB2.3.1. Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.<br>* MUB2.4.1. Amosa interese por coñecer músicas doutras épocas e culturas, comparando e contrastando as novas músicas coñecidas.<br>* MUB2.4.2. Recoñece e sabe situar no espazo e no tempo músicas de diferentes culturas e épocas históricas.<br>* MUB2.5.1. Describe de xeito pormenorizado os diferentes elementos das obras musicais propostas usando distintas linguaxes.<br>* MUB2.5.2. Utiliza recursos con autonomía como apoio ao análise musical.<br>* MUB2.5.3. Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade. | -Recoñece alomenos a metade dos elementos que interveñen na construcción dunha obra musical.<br>-Non ten erros graves de Caligrafía musical.<br>Continúa obtendo cando menos un "Regular" á hora da execución das Melodías para frauta e/ou instrumentos orff (seguindo os tres pasos da aprendizaxe).<br>-Obtén alomenos un Regular na revisión da libreta no tocante á hora de dar opinións musicais de forma oral e escrita, con rigor e claridade.<br>-Ten feitos, mellor ou peor, pero feitos TODOS os exercicios de clase.<br>-Sabe nomear as "voces especiais" presentadas na clase.<br>-Ten respeto de cara ás normas e pautas básicas traballadas durante todo o curso pasado e tamén nesta 3ª avaliación de 3ºESO.<br>-Elabora na libreta unha Reflexión final fin de curso sobre a materia de Música, agora que remata para sempre a obligatoriedade dela. | -Amosamos con exemplos prácticos cómo soan certas "voces especiais".<br>-Interpretación vocal e instrumental.<br>-Redacción na libreta. |
| | **Bloque 3.** | | | | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | • B3.1. A música ao servizo doutras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou publicitaria.<br>* B3.4. Análise da música empregada en diferentes tipos de espectáculos e producións audiovisuais.<br>* B3.5. Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre instrumentos, compositores e compositoras, concertos e producións musicais en vivo e gravadas, tanto do patrimonio galego como da música occidental en xeral e doutras culturas.<br>* B3.6. O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento da música e a satisfacción con ela.<br>* B3.7. Recoñecemento e localización nas coordenadas espazo-temporais das manifestacións musicais máis significativas do patrimonio musical galego, occidental e doutras culturas.<br>* B3.8. Épocas da historia da música: características principais, autores/as significativos/as, audicións con apoio de partitura e interpretación de pezas ou fragmentos das distintas épocas.<br>* B3.9. Recollida de información, valoración e exposición do feito musical e as súas opinións.<br>* B3.10. Recollida de información, valoración e exposición do feito musical ao longo da historia. | * B3.1. Realizar exercicios que reflictan a relación da música con outras disciplinas.<br>* B3.2. Demostrar interese por coñecer músicas de distintas características, épocas e culturas, e por ampliar e diversificar as propias preferencias musicais, adoptando unha actitude aberta e respectuosa.<br>* B3.3. Relacionar as cuestións técnicas aprendidas coas características das épocas da historia musical.<br>* B3.4. Distinguir, situar e caracterizar as grandes épocas da historia da música.<br>* B3.5. Valorar a asimilación e empregar algúns conceptos musicais básicos necesarios á hora de emitir xuízos de valor ou falar de música.<br>* B3.6. Amosar interese e actitude crítica pola música, os concertos en vivo e as propostas musicais, valorando os seus elementos creativos e innovadores ao longo da historia. | * MUB3.1.1. Expresa contidos musicais e relaciónaos con épocas da historia da música e con outras disciplinas.<br>* MUB3.1.3. Distingue e explica as diversas funcións que cumpre a música na sociedade ao longo da historia.<br>* MUB3.2.1. Amosa interese por coñecer música de diferentes épocas e culturas como fonte de enriquecemento cultural e satisfacción persoal, elaborando algún proxecto de investigación e exposición<br>* MUB3.3.1. Relaciona as cuestións técnicas aprendidas vinculándoas ás épocas da historia da música correspondentes.<br>• MUB3.4.1. Distingue e sitúa temporalmente ás épocas da historia da música e as tendencias musicais.<br>* MUB3.4.2. Examina e explica con criterio musical a relación entre os acontecementos históricos, o desenvolvemento tecnolóxico e a música na sociedade. • MUB3.5.1. Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais.<br>* MUB3.5.2. Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade. | -Valora e coñece o papel da música na danza e outros espectáculos e producións audiovisuais. (lembra algúns datos de nomes e autores).<br>- Recoñece alomenos a metade dos compositores, obras e TITULOS traballados na clase datos BÁSICOS de cada un deles. (compositores, formas, obras e trazos característicos).<br>-Ten unha VISION clara e ordeada dos principais PERIODOS DA HISTORIA DA MÚSICA, en especial Barroco (2ª Parte), e o Preclasicismo (1720-1760 aprox)-Clasicismo (1750-1820 aprox).<br>- Coñece unhas curiosas anécdotas en torno a Verdi e "Bart Simpson". (e é quen de explicala por escrito).<br>-Ten unha VISION clara e ordeada dos principais PERIODOS DA HISTORIA DA MÚSICA, en especial"Romanticismo 1820-1900 aprox). La música hasta nuestros días.<br>-Traballo Fanny Mendelsson, cun mínimo de Regular. | -Cadros históricos enormes na aula: Análise.<br>-APRENDIZAXE MEMORISTICA. Vocabulario y resúmenes.<br>Lecturas e anécdotas do profesor.<br>-Breve repaso datos sobre a danza, posta en común co xa traballado con anterioridade. (análise musical)<br>-Vídeo de Youtube.<br>-Lectura dun fermosísimo conto histórico-musical.<br>-Traballo na libreta. |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | * MUB3.6.1. Utiliza diversas fontes de información para indagar sobre as novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións. * MUB3.6.2. Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias. | | |
| | **Bloque 4.** | | | | |
| | • B4.1. Utilización de dispositivos electrónicos, recursos de internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo, a escoita, a interpretación e a creación musical. * B4.2. Aplicación de diferentes técnicas de gravación para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais. * B4.3. Utilización das tecnoloxías da información nos procesos de creación musical. * B4.4. Coñecemento e emprego das tecnoloxías da información na interpretación e na gravación de pezas musicais. • B4.5. Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas. | * B4.1. Utilizar con autonomía os recursos tecnolóxicos dispoñibles, demostrando un coñecemento básico das técnicas e dos procedementos necesarios para gravar, reproducir, crear, interpretar música e realizar sinxelas producións audiovisuais. * B4.2.Utilizar de maneira funcional os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe e a indagación do feito musical | * MUB4.1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízaas como ferramentas para a actividade musical. * • MUB4.1.2. Participa en todos os aspectos da produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías. * MUB4.2.1. Utiliza con autonomía as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical. | -Obtén tanto no traballo de investigación de internet coma na practica vocal co karaoke...un mínimo de “Regular” en ambalas dúas probas. -Comentario programa tele/radio, cun mínimo de “regular” como nota. | -Traballo de investigación en Internet: La ciudad gallega de los músicos(III)(Premio Fundación Barrié). -Karaoke: práctica na casa de cara á proba de canto individual. -Comentario persoal razoado. |

A continuación nomeamos, tamén, o nome dos temas por Avaliacións.

| | |
|---|---|
| **1ª Avaliación** | **Taller 1.** *Los orígenes de la música. Civilizaciones y culturas antiguas (desde el 3000 A.C aprox.)*<br><br>*Edad Media (600-1400 APROX).Primera parte.* Canto gregoriano. *Elementos del lenguaje Musical (I). La emisión de la voz. Música con verduras. El mito de Orfeo.* APRENDIZAXE *MEMORISTICA. Vocabulario y resúmenes*. Melodías para frauta e/ou instrumental ORFF seguindo os tres pasos na aprendizaxe dunha canción. La ciudad gallega de los músicos(I)(Premio Fundación Barrié). |
| **2ª Avaliación** | **Taller 2.** *Edad Media (600-1400 APROX). Segunda Parte. Las familias de instrumentos. Especial himnos.Elementos del lenguaje Musical (II)* ***Taller 3.*** *"Renacimiento (1400-1600 aprox)***.** *Cualidades del sonido(III). Tipos de voces. Otras agrupaciones instrumentales. Violín "Guarneri". Juanito "nuestro Mozart".* Melodías para frauta e/ou instrumentos Orff (seguindo os tres pasos da aprendizaxe). APRENDIZAXE MEMORÍSTICA. *Vocabulario y resúmenes*. Melodías seguindo os 3 pasos para a aprendizaxe dunha canción. Canción de entroido. **Taller 4.***-Primera Parte-. Barroco. (1600-1750 aprox).* La tonalidad mayor y menor (I).La ciudad gallega de los músicos (II). |
| **3ª Avaliación** | **Taller 4**- *Segunda Parte- Barroco. (1600-1750 aprox). Voces especiales.**Taller 5**- Preclasicismo (1720-1760 aprox)-Clasicismo (1750-1820 aprox). Viva Verdi e "Bart Simpson".* A danza. Melodías para frauta e /ou instrumentos orff seguindo os tres pasos da aprendizaxe. APRENDIZAXE MEMORÍSTICA. *Vocabulario y resúmenes*. **Taller 6.**"*Romanticismo 1820-1900 aprox). La música hasta nuestros días. (Sólo lectura).* La ciudad gallega de los músicos (III). |

## 1.2.3. Concrecións metodolóxicas

**Puntos do método**:

A) A educación musical contribúe ó desenrolo de diversas facultades do neno, que non so afectan ás súas aptitudes especificamente musicais, senón ás súa percepción en xeral, á súa capacidade de concentración, ós seus reflexos condicionados, ó seu horizonte emocional, e á súa cultura física.

B) A canción e o movemento rítmico- pes, palmas, pitos, xeonllos- deben ir xunto ós contidos teóricos.

C) A preocupación de non poñer ós nenos en contacto con músicas de inferior calidade algo que xa debería empezar na Educación infantil-, xa que cando sexan adultos será demasiado tarde. Para os nenos só o bo é o mellor. Só por medio de obras mestras chegarán ata as obras mestras.

D) A participación activa é o mellor camiño para coñece-la música.

E) As bases da cultura musical radican na escola.

F) O canto diario e a execución instrumental -frauta , carillón e instrumentos ORFF- , xunto ó exercicio físico tamén a diario, desenrola igualmente o corpo e a mente do neno.

G) O pracer que se deriva do esforzo de conseguir unha boa música colectiva, proporciona homes e mulleres felices e disciplinados.

H) A frauta e o carillón é un bo sistema para axusta-lo son das notas musicais á hora de cantar.

I) Os contidos actitudinais son en realidade máis importantes que os conceptuais e procedimentais, aínda que non sexan valorados numericamente na mesma medida.

J) A lectura musical incluirá ,por parte do profesor, a fononimia e os signos manuais de Curwen.

K) Seguirémo-la metodoloxía, en suma, aprendida en Hungría ó través do método Kodaly.

L) Tentaremos o tratamento transversal ligados á educación en valores e o respecto ao medio ambiente seguindo o proxecto educativo do centro, cos seus valores, obxectivos e prioridades de actuación.

M) Tentaremos adquirir compromisos coas familias e co propio alumnado, nos que se especifiquen as actividades que uns e outros se comprometen a desenvolver para facilitar o progreso educativo.

E) Practicaremos na aula, entre todos, a tolerancia, a cooperación e solidariedade entre os/as alumnos/as, o diálogo -na medida en que a actual masificación do IES «As Telleiras» o permita-, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, preparándoos para o exercicio da cidadanía democrática.

F) Rexeitar a discriminación das persoas e do alumnado por razón de sexo, condición sexual ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

G) Afrontar os conflitos dentro dun esquema no que TODOS gañemos, e ninguén perda.

H) Loita contra a piratería: TODO o material, absolutamente TODO é material ORIXINAL propiedade do Departamento ou do profesor. De xeito anecdótico díselles aos nenos que si atopan na aula algún obxecto pirata terían 1 punto máis na nota final. Non o atoparán. Creemos firmemente nos dereitos de autor e tentamos formar na loita contra o PLAXIO.

### 1.2.4. Materiais e recursos didácticos

Instrumental Orff de aula, 27 carillóns, 7 frautas, ritmogramas, musicogramas, pizarra pautada, Televisión online, páxinas web de descarga legal, clavinova, reprodutor de CD, DVD home cínema 5.0, cd´s do libro do profesor e libro do alumno, colección de óperas e zarzuelas en DVD , Cancioneiro Galego-libros e cassetes-(ambos propiedade do centro). Centos de documentais , CDs e libros propiedade do profesor e que están na aula a disposición do alumnado. Programas gravados da radio e da televisión. Material audiovisual do profesorado.A gravadora de man: o móvil. (Casos moi

puntuais, somos, en termos xerais, contrarios á utilización do móvil nos centros de ensino a menores).Papel con pauta musical. Lapis. Metrónomo.Atril. Material fotocopiado.

Nunha materia como a de música enorgullécenos poder dicir que NUNCA, XAMAIS os alumnos poderán ver un CD, DVD o BluRay pirata,simplemente porque TODOS os materiais son ORIXINAIS. Creemos firmemente nos dereitos de autor.

De xeito anecdótico díselles aos nenos que si atopan na aula algún obxecto pirata terían 1 punto máis na nota final. Non o atoparán. Creemos firmemente nos dereitos de autor e tentamos formar na loita contra o «corta e pega» de internet e o PLAXIO en xeral.

## 1.2.5. Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de 3º ESO será continua, formativa e integradora. Neste proceso estableceranse medidas de reforzo educativo (Ver máis adiante).

O profesor de música avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado (a continuación) como os procesos de ensino e a súa práctica docente, reflictidos no desenrolo de cada TEMA.

### 1.2.5.1. Procedementos e instrumentos de avaliación

Velaquí explicitamos as porcentaxes acordadas no Departamento Didáctico de Música:

| | | | |
|---|---|---|---|
| Actitude | 10% | | |
| Conceptos e Procedementos | 90% | Probas escritas | x |
| | | Expresión escrita/Resumo programas de televisión, TIC, memorización. | x |
| | | Lecturas/Audicións/Canto individual e grupal/Agrupacións instrumentais diversas, vocabulario dicionarios | x |
| | | Expresión oral/corporal/ rítmica/ vocal | x |

**AVALIACIÓN ACTITUDINAL. (Ata 1 punto).** A actitude é algo que debemos traballar, entre todos, mellorándoa día a día.

**Comportamento Individual.** **A)** Permanecer sentados na aula antes da chegada do profesor. **B)** Interrupción constante na aula. **C)** Traslado axeitado en silencio á aula de Música. **C)** Interese pola materia**. D)** Respecto aos compañeiros e ao profesor. **E)** Valorar as opinións dos demais. 1 chamada negativa ou ningunha, 0,50 puntos.2 chamadas negativas, 0,25 puntos. 3 ou máis: 0 puntos.

**Traballo individual.** **F)** Traballo na casa. **G)** Traballo na aula. **H)** Aporta ideas interesantes para o desenvolvemento das leccións. **I)** Tenta atopar solucións aos exercicios por si só. (Non se limita a agardar a ver o resultado nun compañeiro ou na pizarra). **J)** Sae voluntario/a. **K)** Axuda a compañeiros con dificultades. 1 chamada negativa ou ningunha, 0,50 puntos. 2 chamadas negativas, 0,25 puntos. 3 ou máis: 0 puntos.

**Material.- Lembramos que o material da materia de música é** libro forrado , libreta tamaño folio raia horizontal, carpeta, lapis, goma, frauta HOHNER **L)** Traer o material en xeral. **M)** Traer o libro de lectura **N)** Respectar os instrumentos e o material da aula. **Ñ)** Respectar o traballo alleo: manter limpas as paredes e as

mesas da aula de música. **0)** Utilización exclusiva do lapis. **ESTÁ PROHIBIDO ENTRAR CON BOLI OU ROTULADOR Á AULA**. 1 chamada negativa ou ningunha, 0,50 puntos. 2 chamadas negativas, 0,25 puntos. 3 ou máis: 0 puntos.

**AVALIACIÓN DOS ESTANDARES DE APRENDIZAXE e PROCEDEMENTOS DE AVALIACION.**

Avalíanse as CCBB a través de distintos tipos de traballos –especificados na Programación Didáctica- e puntuados do seguinte xeito:

| | CCL | CCT | CM | CD | CSC | CCEC | CAA | CSIEE |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **1ª av.** | Ata 0,5 Cadros históricos. | - | Ata 0,5 Canto Gregoriano | Ata 0,5 Comentario Persoal La Ciudad Gallega | - | Ata 0,5 Escoita. | Ata 1 p. Notas musicais. | Ata 2 p. Orff/frauta |
| **2ª av.** | Ata 1 A GRAN PREGUNTA | Ata 0,5 La ciudad gallega de músicos. | Ata 0,5 ESCALAS M y m. | Ata 0,5 Gravación Tele/Radio | Ata 0,5 PAUTAS. | Ata 0,5 p. ESPECIAL CANTO. | Ata 0,5 p. Notas. | Ata 2 p. Orff/frauta |
| **3ª av.** | Ata 1 p. FANNY MENDELSHON. | - | Ata 0,5 Tele/Radio comentario | Ata 0,5 Minutaje (Resumo) | Ata 0,5 Reflexión final fin de curso/libreta | Ata 0,5 Escoita. | Ata 1 p. Orff/frauta. | Ata 2 p. Canto. |

Os criterios de cualificación dos traballos son os seguintes:

| | Excelente | Ben/excel. | Ben | Ben/Reg. | Reg. | Reg./mal | Mal |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Traballos puntuados sobre 0,5** | 0,5 | 0,4 | 0,3 | 0,2 | 0,1 | 0,05 | 0 |
| **Traballos puntuados sobre 1** | 1 | 0,8 | 0,6 | 0,4 | 0,2 | 0,1 | 0 |
| **Traballos puntuados sobre 2** | 2 | 1,6 | 1,2 | 0,8 | 0,5 | 0,3 | 0 |

A nota da avaliación é a suma de: nota por actitude + nota polos traballos de CCBB + nota do exame. A partires de 0,50 redondearase ao número superior. É dicir: 7,50 por exemplo sería un 8. E... 7,45 sería un 7.

**1ª avaliación: ata 4 puntos**. Taller/Tema 1. Haberá unha parte de preguntas relativas á APRENDIZAXE MEMORÍSTICA (PERIODOS HISTORIA DA MÚSICA), á linguaxe musical, a conceptos teóricos estudados e ás audicións obrigatorias dos temas sinalados (Como mínimo Título, autor, xénero ou estilo, período ou século). **2ª avaliación: ata 3 puntos**. Talleres/Temas 2,3 e 4-primeira parte-. O apartado de APRENDIZAXE MEMORÍSTICA (PERIODOS HISTORIA DA MÚSICA) e os contidos de linguaxe musical son progresivos, polo que tamén entran os relacionados cos temas anteriores. **3ª avaliación: ata 3 puntos**. Temas 4-segunda parte-,5 e 6. Neste exame, ademais dos contidos de linguaxe musical progresivos e os teóricos (temas) entrarán todas as audicións vistas ao longo do curso e a APRENDIZAXE MEMORÍSTICA relativa aos PERIODOS DA Hª da MÚSICA.

### 1.2.5.2. Criterios de cualificación

**AVALIACIÓN CONTINUA**: Non hai recuperacións de ningún tipo ao longo do curso académico.

Nota: En MÚSICA 3º ESO, así como nas optativas de 4º ESO e Bacharelato, un dos obxectivos é chegar a ler e ENTOAR con certa soltura partituras de diferente dificultade. Con ese único fin introducimos a frauta en todos os cursos. Pero non só a frauta axúdanos a

afianza-la afinación: no mercado hai toda clase de teclados e recentemente hai versións escolares dos instrumentos de placas ou láminas que utilizamos na aula de música. Neste sentido, o Departamento de Música AINDA QUE NON PIDE QUE SEXA MERCADO POLO ALUMNADO lembra que o "Pianot" ou carrillón, un instrumento lixeiro e doado de trasladar grazas á súa casa, con 25⁄27 láminas e 2 mazas, é sen dúbida un instrumento de prezo asequible (27 euros) e moi útil nese fin. Alumnado que cursou o ano anterior Música 2º ESO en As Telleiras xa o ten, pois tivo que mercalo.

#### 1.2.5.3. Avaliación extraordinaria

Entregaráselle a cada neno/a que suspendera unha folla coas indicacións de que debe estudar, que traballo debe facer, que partituras tocar e/ou cantar, que audicións traballar para acadar os contidos mínimos e tamén para acadar unha maior nota segundo as indicacións da FOLLA DE PRESENTACIÓN DA MATERIA que xa posúen dende o comezo de curso.

### 1.2.6. Seguimento, recuperación e avaliación da materia pendente

Avaliación continua: Non hai recuperacións de ningún tipo ao longo do curso académico. Para o alumnado con materias pendentes si temos unhas actividades que están reflictidas na *Folla de Presentación de Materia para Pendentes.* Esta folla é entregada, en man, a cada alumno/a e permanece na web do centro todo o curso para a súa consulta.

### 1.2.7. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas

Ao longo das primeiras semanas levarase a cabo a Avaliación inicial mediante a observación do alumnado durante a realización de actividades eminentemente prácticas e ligadas en exclusividade a estes 3 bloques. É certo, con todo, que ao terlles dado clase no curso anterior, coñecemos o punto de partida da meirande parte do alumnado. **Bloque 1. Interpretación e creación. Bloque 2. Escoita.Bloque 3. Contextos musicais e culturais.**

A información obtida formará parte da información confidencial sobre o/a alumno/a e **non será transmitida na xunta da avaliación inicial** (agás casos detectados moi *destacados* nos que se estime sexa necesaria unha inmediata acción por parte da xunta de avaliación). Entendemos que é un erro con só un par de semanas que se fagan apreciacións en voz alta diante doutros profesores co risco que estes datos sexan recollidos por escrito e podan condicionar a «primeira impresión» dese alumnado noutras materias alleas á nosa.

### 1.2.8. Medidas de atención á diversidade

Para o alumnado que requira unha **atención educativa diferente á ordinaria**, (en base ao recollido no Decreto 86⁄2015, do 25 de xuño) por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe por trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH),

polas súas altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, **estableceranse as medidas curriculares e organizativas** necesarias co fin de que poidan alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e competencias establecidas en cada etapa para todo o alumnado.

De ser necesario, elaborarase a **adaptación curricular** do alumnado que a precise en colaboración co Departamento de Orientación; o noso Departamento levará a cabo as medidas recollidas nesa adaptación que lle correspondan.

Así mesmo, estableceranse as **medidas** oportunas para os alumnos con dificultades específicas de aprendizaxe por TDAH, tales como adaptación de instrumentos e, e de ser o caso, tempos e apoios que aseguren unha correcta avaliación deste alumnado. De igual xeito, buscarase a localización mais idónea na aula, de forma que estean sentados cerca da mesa do profesor e, na medida do posible, ao lado de compañeiros que lle sirvan de modelo de tranquilidade, de orde e axuda.

Ao longo do curso e, segundo a evolución e necesidades concretas de cada alumno/a, poderanse levar a cabo todas as medidas que consideremos necesarias para o correcto desenvolvemento destes alumnos/as.

## 1.2.9. Elementos transversais

Remitímoslles ao inicio, onde, tra-la introducción explicitamos as especificidades de cada Competencia coa nosa materia. Alí pódese ver a importancia que damos á hora de ler, ao feito de escribir de manera lexible e seguindo as regras de limpeza, orde e acentuación. Asemade a relación indubidable da Música coas Matemáticas así coma co contexto histórico social galego, español e internacional. Tratamos temas sobre o consumo responsable e de calidade, loitando de maneira inequívoca contra a piratería. Lamentamos, iso sí, por falta de espazo na aula, non poder facer actividades de movemento grupais. Por último, afondamos na educación en valores creando un clima de respecto e seguridade onde ninguén é excluído. Tratamos, en suma,de tratar de propiciar no noso alumnado-cidadáns en ciernes-a demanda de acceso a espazos culturais e artísticos públicos e privados.

Educación social

• Trataremos , dende o encontro xeracional que supón o feito de coñecer e profundizar na expresión musical de outras épocas, o respecto á súa diversidade, así como a apreciación estética das mesmas, acadando, á súa vez, que o alumno/a comprenda cómo y por qué surxiron esas manifestacións artísticas, e acercándolle afectivamente a xeracións anteriores á súa.

Educación do consumidor

• Proponemos una reflexión sobre a utilización de música coñecida como reclamo publicitario e cinematográfico, a partires das melodías da audicións.

• Sensibilización dos gustos musicais para unha concienciación do propio consumo, co fin de que sexa

un acto racional e controlado.

• Co exemplo da merma da calidade dos productos artísticos cando son víctimas da masificación de consumo.

• Valoración dos medios de gravación e reproducción do son para o seu uso correcto e racional.

Educación para a paz

• Valoración da música escrita con fins ou espíritu pacífico como un pracer estético positivo para o crecemento persoal.

• Valoración da música nas composicións que, nacidas circunstancialmente n un ámbito bélico, o trascienden, e se poden presentar hoxe por sí solas, como aporte vitalista.

Educación intercultural

• Sensibilidade hacia manifestaciones musicais doutras culturas cuxas mensaxes de paz son, nunha lectura profunda, universais.

• Valoración da positiva conexión entre distintas obras de arte pertencentes a culturas diferentes.

• Valoración dos encontros interculturais ó través da superposición de estilos de distinta procedencia.

Educación para a convivencia

• Sensibilidade hacia a música como valor estético que induce a posturas pacíficas na convivencia.

• Valoración da colabora entre artistas (teatro e música, cine e teatro) como un producto positivo da convivencia.

• Sensibilización hacia calquera forma de canción popular como legado cultural que nos achega a persoas de diferentes xeracións ou de diversos gustos estéticos.

Educación vial

• Sensibilidade e recoñecemento de músicas que non alteren o noso estado nervioso na conducción e non diminúan a capacidade de concentración.

• Sensibilización hacia o fenómeno da polución sonora e a responsabilidade que de ésta teñen os vehículos de motor.

Educación para a saúde

• Concienciación dos danos físicos e psíquicos que pode conlevar un uso abusivo de auriculares, así como a exposición prolongada a audicións de intensidade sonora dañina.

• Valoración e desenrolo das capacidades expresivas do propio corpo, en beneficio da comunicación e do equilibrio psicolóxico.

• Sensibilización hacia a correcta respiración, como un hábito que axuda ó aforro de enerxías e a relaxación.

• Sensibilización hacia o manexo da voz, para o seu mantemento en estado saudable.

Educación para a igualdade de sexos

• Valoración da importancia da comunicación entre chicos e chicas, superando as diferencias relativas ó sexo.

• Valoración das capacidades tímbricas das persoas e das propias de cada sexo como diversas formas cun mismo fin, que é a expresión musical.

• Valoración da colaboura entre artistas (teatro e música, cine e teatro) como un producto positivo da convivencia.

Educación para a igualdade

• Valoración dos ideais de xustiza e liberdade ó través do seu protagonismo como tema e inspiración dalgunhas páxinas musicais.

Integración e solidaridade cos minusválidos

• Valoración dos sentidos corporais da vista e o ouvído, a súa independencia e complementación, para a sensibilización coas persoas que padecen minusvalías dalgún deles.

• Valoración da capacidade comunicativa da música por sí mesma, sin necesidade do sentido da vista, para o recoñecemento da capacidade comunicativa dos invidentes.

Educación para a igualdade sexual e a igualdade en xeral

• Valoración xusta das distintas maneiras de expresarse corporalmente os músicos, asímismo da súa identidade sexual, cualidades enriquecedoras da súa capacidad de expresión artística.

Educación para a convivencia

• Sensibilización, ó través dos distintos tipos de concertos, hacia as reunións de masas e a importancia da responsabilidade persoal no comportamento cívico.

• Sensibilización hacia os distintos lugares nos que a convivencia é indispensable para o traballo en común, como son as agrupacións de música de cámara ou as orquestras.

### 1.2.10. Actividades complementarias e extraescolares

Foron máis de 10 anos consecutivos os que viaxamos a Coruña, para asistir a 1 Concerto Didáctico no Pazo da Ópera en A Coruña. Tamén algún ano fomos a Santiago a ver a RFG. A día de hoxe , non temos programada ningunha actividade.

# 3. Avaliación do proceso de ensino e a práctica docente. Avaliación da programación

Avalíase a través do documento MD75010104 *Avaliación dos procesos de ensinanza e da práctica docente* que todos os membros do Departamento cobren e que é obxecto de reflexión nas reunións de departamento posteriores e nas CCP. Nel establécense os criterios de análise e os indicadores de logro.

Os criterios utilizados polos Departamentos Didácticos do IES As Telleiras para avaliar a programación son os seguintes:

1.- A adecuación de obxectivos, contidos, criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado.

2.- A adecuación de procedementos e instrumentos de avaliación ás características e necesidades do alumnado.

Os indicadores de logro para estes aspectos fan referencia ao éxito académico acadado polo alumnado (porcentaxe de aprobados). Establécese na ESO un mínimo do 75% e en BACHARELATO un 50%. Cando se considere que a programación é mellorable nestes aspectos, será necesaria unha reflexión por parte do Departamento que leve a atopar as causas do problema e a buscar solucións para ter en conta na elaboración da programación do curso seguinte.

3.- O grao de desenvolvemento da programación didáctica

Se o grao de desenvolvemento da programación é inferior a un 75% procederase do mesmo xeito que no apartado anterior.

O desenvolvemento da programación didáctica analízase tamén nas sesións de avaliación, nas que se da conta da conformidade ou non neste aspecto nos distintos cursos para unha posterior avaliación no departamento en caso de que se detecte unha non conformidade.

# 4. Información ás familias

Co obxecto de facilitar o coñecemento das Programacións Didácticas, elaboradas por cada un dos Departamentos do IES As Telleiras, ao conxunto da comunidade educativa e en particular ao alumnado e ás súas familias, o centro pon a disposición da mesma as seguintes opcións:

1. Como documento pertencente á Programación Xeral Anual (PXA), todas as Programacións dos Departamentos Didácticos están a disposición do alumnado e das persoas ás que lles corresponda a súa titoría legal na Secretaría do Centro.

2. Asemade todas as programacións son publicadas na páxina web do centro que, neste aspecto, é actualizada anualmente: http://www.edu.xunta.es/centros/iesastelleiras/

En adición ao anterior e como parte do sistema de calidade no que está inmerso o noso centro, cada departamento realiza unha presentación de materia, segundo o modelo MD75010105, na que se recollen os aspectos máis destacados da programación tales como os contidos temporalizados por avaliacións así como os materiais e instrumentos de avaliación por nivel e materia. Estas follas de presentación de materia son publicadas tamén na páxina web do centro que, neste aspecto, é actualizada anualmente.